

NOTA - AVISO IMPORTANTE

ESTIMADOS CLIENTES:

OS EMPREGADOS DE NOVAGALICIA BANCO ESTAMOS LEVANDO A CABO UN PARO DE 30 MINUTOS (DE 12:00h a 12:30h) MOTIVADO POLA LAMENTABLE SITUACIÓN A QUE TANTO RESPONSABLES COMA REPRESENTANTES POLÍTICOS LEVARON NA NOSA ENTIDADE:

1º) Á destrucción de 2.250 postos de traballo directos na propia Entidade e outro tanto nas empresas auxiliares.

2º) Á desaparición da participación accionarial da antiga Caixa de Aforros no banco, poñendo en perigo a viabilidade da Obra Social, asistencial e cultural e mailos postos de traballo asociados a aquela. Ata o de agora, os beneficios das Caixas revertían na sociedade. Agora, despois dun rescate que pagará a cidadanía, acabarán nos petos de accionistas privados.

3º) A unha dura e inmoral quita para os aforradores e aforradoras posuidores de débeda subordinada (preferentes e obrigas) en tanto que se garante o pago ós grandes inversores institucionais posuidores de cédulas hipotecarias.

O conxunto da sociedade asumirá as perdas derivadas da mala xestión das Direccións (ca complicidade da Xunta de Galiza, Banco de España, Goberno Central, CNMV), transformándose a débeda privada en pública ó mesmo tempo que se privatizan os futuros beneficios.

O peche de oficinas, particularmente no ámbito rural, levará consigo a marxinación financeira dunha parte importante da poboación, sitios onde os bancos privados xa pecharon antes por criterios de rendabilidade e onde tan só permanecían as Caixas.

A valoración negativa da Entidade implica a incautación do patrimonio acumulado polos aforros de miles de galegos e galegas durante casi dous séculos.

A desinversión das participacións empresariais que novagalicia banco mantíña en máis de 170 empresas xera ademáis incertidume sobre a estabilidade accionarial de numerosas empresas galegas.

Perante as graves consecuencias sociais e laborais do mal chamado rescate bancario que perxudica a tódalas partes implicadas, os traballadores e traballadoras de novagalicia banco reclamamos a derogación do Plan de Resolución de Novagalicia banco e a negociación dun plan alternativo sostible e viable. Por todo isto, facemos un chamamento á cidadanía para que comprenda e mostre o seu apoio a estes “peches parciais”.

Pedímoslles disculpas e atenderémolos **a partires das 12:30h. MOITAS GRAZAS**